

8

Buenos Aires, 18 de setembro de 1959.

Sr. D.

Ramón Piñeiro

Santiago.

Querido Piñeiro: Recibín a tua derradeira carta e recibín tamén fai uns días o libre de homaxe a Maside. Felicítavos pol-a edición e o esforzo que supón sober todo pol-o teu traballo, aínda que sinta que empregues a verba caricatura que ficou nos neses días relegada a un tipo de dibuxo muy subalterno -Tene, K. Hite, Galindo- que ren ten que ver co dibuxo satírico ou humorístico de Maside ou Castela, ou o de Daumier ou Grosz, por poñer exemplos alleos, preocupados fundamentalmente pol-a espresividade da liña e pol-o dibuxo en xeral, coma xénero artístico aparte de ~~distinta~~ destiño da obra. Mais isto ten cicáis moi pouca importancia i é, o teu traballo, ^{un} aparte fundamental pra visión de Maside. Recibín tamén fai poucos días a tua separata de ensaio sobre Otero Pedrayo que xa coñecía e cuie eloxio fixen nun comentario radial nista. O número de Insula paréceme moi ben na casi a sua totalidade menos algún comentario incidental de Landeira nesa carta que te dirixe e o artigo de Franco Grande sobre poesía, onde debeu evitar os gestos persoais pra poder ofrecer unha panorámica verdadeira da poesía lírica galega, i eisi non ficarían escritos algú tan importantes na poesía actual coma Lorenzo Varela e Iglesia Alvariño. De calquer xeito, dígolle en carta a Domingo, o número de Insula é un triunfo soberbo, pol-o que ~~merece~~ mereces e mais fonde recoñecemento. Moi bons cuasi todos os traballos. O teu, coma es de Domingo e Ledo, deberíades ampliales, eu até-pees moi importantes. O álbum de dibuxos de Maside é un alarde editorial que tendes que continuar. Temos que facer que a nesa xente teña o gesto pol-o libre i en Galiza pódese facer, vos o demostrades. E ti, coma Domingo e Ledo, tedes que continuar adican de algún tempo a escribir sobre temas artísticos. Fai falla. Coma tamén que recellas es teus traballos publicados nun ou dos tomos, pois son orixinales, moi importantes, e independente, penso, das obras que teñas matinado con outro alento. Sen notables os dibuxos de paisaxe de Maside, e tamén o que ti escribes sobre da paisaxe co que estou en absoluto de acordo, téndome manifestado coincidente co mesmo pensamento varias veces, aínda que non soupese espresale coma ti, igual sobre de retrate. Aparte, envíche o meu derradeiro libro de dibuxos, "Figurando recuerdos". Tamén fixen un comentario radial sobre do libre de Maside e do número de Insula. Escríbeme. Recibe unha aperta moi forte de teu amigo: